RESOLUCIÓN

Expediente.- 2025/EGFAB/000105
BDNS (Identif.): 848331

Asunto: Concesión de subvencións a clubs deportivos do Concello de Oleiros para a realización de actividades deportivas no ano 2025. Clubs de fútbol

Antecedentes

I.- Mediante Decreto da Alcaldía nº 2025003743, de 24/07/2025, aprobouse a convocatoria para concesión de subvencións polo Concello de Oleiros para a realización de actividades deportivas para o ano 2025.

II.- O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 144, de 31/07/2025, por medio da BDNS, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes.

Presentaron solicitudes os seguintes **clubs de fútbol**:

CIF	ENTIDADE
G15137326	A.D.CRISTO REY
G15226012	CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS
G15254592	MARINO DE MERA C.F.
G15262058	CLUB ATLETICO SAN PEDRO
G15280357	HÉRCULES SDC.
G15326119	UNIÓN CAMPESTRE F.C.
G15380082	C.F. SANTA CRUZ DE LIANS
G15432164	MERCURIO DE IÑÁS S.D.
G70042122	CLUB ATLÉTICO PERILLO
G70458674	CLUB XUVENTUDE DORNEDA

III.- As entidades cuxas solicitudes presentaban eivas ou carencias emendables foron requiridas para corrixilas, respondendo todas elas en prazo.

Fundamentos

1º.- Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria.- A concesión das subvencións imputarase á aplicación 81.341.48903 (Deportes. Promoción e fom. Transferencias entidades deportivas), ata o límite de 97.000. O Importe total destinado aos clubs de fútbol e de 45.000 euros.

2º.- O artigo 3 da Convocatoria dispón o seguinte:

"3.1 Poderán ser beneficiarios das subvencións ao abeiro das presentes bases as entidades deportivas que cumpran os seguintes requisitos:

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:OUPHU6CG0XP3VV7P

a) *Estar legalmente constituídas.*
b) *Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2024.*
c) *Ter un número mínimo de trinta e cinco socios.*
d) *Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.*
e) *Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
f) *Ter domicilio social e fiscal en Oleiros.*
g) *Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.*
h) *Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.*
i) *O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.*

3.2 A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos g) e h) será subsanable antes da concesión, previo requirimento ao efecto."

3º.- O día 04/11/2025 reuniuse a Comisión de Valoración para avaliar as solicitudes presentadas polos clubs de fútbol.

Por dito órgano foi comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo 3.1. do artigo 3 da convocatoria, resultando que todas cumpren co establecido, agás o club Unión Campestre F.C. que non se atopa ao corrente coa Axencia Tributaria e foi requirido para que emende dita eiva.

4º.- O artigo 8.2 da convocatoria establece o seguinte:

a) *"As contías a conceder terán un importe fixo para cada categoría en función da liga na que compitan. Os importes a conceder serán:*

- *SENIOR MASCULINA 1ª GALICIA/ SENIOR FEMENINA LIGA GALEGA 1ª: 2.200, euros.*
- *SENIOR MASCULINA 2ª GALICIA/SENIOR FEMENINA LIGA GALEGA 2ª: 1.800,00 euros.*
- *SENIOR MASCULINA 3ª GALICIA/ SENIOR FEMENINA LIGA GALEGA 3ª: 1.600,00 euros.*
- *FÚTBOL 7 FEMENINO ABSOLUTO: 650,00 euros.*
- *XUVENIL: 650,00 euros.*
- *CADETE: 550,00 euros.*
- *INFANTIL: 550,00 euros.*
- *ALEVÍN: 550,00 euros.*
- *BENXAMÍN: 550,00 euros.*
- *PREBENXAMÍN: 550,00 euros*

[…]

Dado que o ano natural abrangue parte de dúas temporadas, os importes sinalados ratearanse por 10 meses, de xeito que a contía da subvención calcularase en función das categorías nas que se compita entre xaneiro-xuño e setembro-decembro.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:OUPHU6CG0XP3VV7P

Se subvencionarán como máximo 2 equipos de cada categoría.

Nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín (tanto masculino como feminino) só se concederá o importe correspondente a un segundo equipo cando a entidade acredite que ten federados como mínimo 24 deportistas no total da categoría.

a) Utilización do galego.- Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Este uso deberá acreditarse xunto coa solicitude. En caso de non resulte debidamente probado, efectuaráselles unha rebaixa na concesión de ata o 10 por cento do importe que lles correspondería segundo as categorías que posúan (en función do grao de utilización acreditado)."

5º.- Despois das comprobacións sinaladas, foron avaliadas as solicitudes de acordo cos criterios establecidos na convocatoria, aplicándolles, de ser o caso, en función do grao de utilización do galego, unha rebaixa na concesión de ata o 10 %.

6º.-O artigo 11 da convocatoria establece que se efectuará o pago anticipado do 100 por cento, reténdose o 40 por cento en concepto de garantía.

7º.- O órgano instrutor emitiu a súa proposta de concesión de subvencións e recoñecemento das obrigas o 17/11/2025, deixando en suspenso a concesión ao Unión Campestre F.C., ata que acreditase estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria. Dita proposta foi informada favorablemente pola Intervención Municipal o 18/11/2025

8º.- En data 27/11/2025 o órgano instrutor emite unha segunda proposta de concesión, á vista da acreditación de atoparse ao corrente coa Axencia Tributaria presentada polo Unión Campestre F.C. Dita proposta foi informada favorablemente pola intervención municipal en data 28/11/2025

Polo exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Dispoñer o gasto e conceder ás ENTIDADES DEPORTIVAS que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

CIF	ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
G15137326	A.D.CRISTO REY	**XANEIRO-XUÑO:** Senior masculina 3ª Galicia, Xuvenil, Cadete, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Prebenxamín, Prebenxamín 2º equipo	6.411,70
		SETEMBRO-DECEMBRO: Senior masculina 3ª Galicia, Cadete, Cadete 2º equipo Infantil,	

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:OUPHU6CG0XP3VV7P

		Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Prebenxamín, Prebenxamín 2º equipo	
G15226012	CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS	**XANEIRO-XUÑO:** Senior masculina 3ª Galicia, Xuvenil, Xuvenil 2º equipo, Cadete, Alevín **SETEMBRO-DECEMBRO:** Senior masculina 3ª Galicia, Xuvenil, Xuvenil 2º equipo, Alevín	3.402,00
G15254592	MARINO DE MERA C.F.	**XANEIRO-XUÑO:** Senior masculina 2ª Galicia,Fútbol 7 femenino absoluto, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Prebenxamín **SETEMBRO-DECEMBRO:** Senior masculina 2ª Galicia, Fútbol 7 femenino absoluto, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Prebenxamín	6.080,00
G15262058	CLUB ATLETICO SAN PEDRO	**XANEIRO-XUÑO:** Senior feminina liga Galega 1ª, Senior masculina 3ª Galicia, Senior feminina liga Galega 3ª, Fútbol 7 feminino absoluto, Xuvenil, Cadete, Cadete 2º equipo, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Benxamín 2º equipo, Prebenxamín, Prebenxamín 2º equipo **SETEMBRO-DECEMBRO:** Senior feminina liga Galega 1ª, Senior masculina 3ª Galicia, Senior feminina liga Galega 3ª, Fútbol 7 feminino absoluto, Xuvenil, Cadete, Cadete 2º equipo, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Benxamín 2º equipo, Prebenxamín, Prebenxamín 2º equipo	7.000,00
G15280357	HÉRCULES S.D.	**XANEIRO-XUÑO:** Senior masculina 2ª Galicia **SETEMBRO-DECEMBRO**: Senior masculina 3ª Galicia	1.720,00
G15326119	UNIÓN CAMPESTRE F.C.	**XANEIRO-XUÑO:** Senior masculina 3ª Galicia, Senior femenina liga Galega 3ª, Xuvenil, Cadete, Cadete 2º equipo, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Benxamín 2º equipo, Prebenxamín	6.510,00

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:OUPHU6CG0XP3VV7P

		SETEMBRO-DECEMBRO: Senior masculina 3ª Galicia, Senior femenina liga Galega 2ª, Xuvenil, Xuvenil 2º equipo, Cadete, Cadete 2º equipo, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Benxamín 2º equipo, Prebenxamín	
G15380082	CLUB DE FUTBOL SANTA CRUZ	**XANEIRO-XUÑO:** Senior masculina 3ª Galicia, Xuvenil, Xuvenil 2º equipo, Cadete, Cadete 2º equipo, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Benxamín 2º equipo, Prebenxamín, Prebenxamín 2º equipo. **SETEMBRO-DECEMBRO:** Senior masculina 3ª Galicia, Fútbol 7 feminino absoluto, Xuvenil, Xuvenil 2º equipo, Cadete, Cadete 2º equipo, Infantil, Infantil 2º equipo, Alevín, Alevín 2º equipo, Benxamín, Benxamín 2º equipo, Prebenxamín, Prebenxamín 2º equipo.	6.650,00
G15432164	MERCURIO DE IÑÁS S.D.	**XANEIRO-XUÑO**: Senior masculina 3ª Galicia **SETEMBRO-DECEMBRO:** Senior masculina 3ª Galicia	1.600,00
G70042122	CLUB ATLÉTICO PERILLO	**XANEIRO-XUÑO**: Senior masculina 3ª Galicia, Alevín. **SETEMBRO-DECEMBRO:** Senior masculina 3ª Galicia, Xuvenil.	2.190,00
G70458674	XUVENTUDE DORNEDA	**XANEIRO-XUÑO**: Fútbol 7 feminino absoluto, Senior masculina 2ª Galicia. **SETEMBRO-DECEMBRO:** Fútbol 7 feminino absoluto, Senior masculina 2ª Galicia.	2.450,00

Segundo.- Recoñecer as obrigas polos importes sinalados aos clubs devanditos, tendo en conta que deberá reterse unha garantía por importe de 40% das cantidades concedidas.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución mediante a súa publicación na Sede Electrónica Municipal.

Recursos.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:OUPHU6CG0XP3VV7P

Firmado por: MARCOS VEIGA RODRÍGUEZ - ***9910**
Cargo O Secretario Accidental
Firmado a: 01/12/2025
Decreto/Resolución nº 2025006376

prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

Firmado por: MARÍA TERESA VÁZQUEZ MASEDA - ***5436**
Cargo A 5ª Tenenta de Alcalde Delegada de Deportes, Turismo, Formación e Emprego e Promoción Económica
Firmado a: 01/12/2025

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:OUPHU6CG0XP3VV7P